



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

### LISTA DE ASISTENTES

Bravo Bernárdez, Jorge  
Carballo González, Ángeles  
De los Bueis Mellado, Jorge  
Diz Ferreiro, Paula  
Fernández Fernández, Federico  
Fernández Iglesias, Manuel José  
Ríos Santomé, M<sup>a</sup>. José  
Valeije Álvarez, Inmaculada  
Vaquero Díaz, Beatriz

### DESCULPA ASISTENCIA

Valderrama Santomé, Mónica

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo, do día 12 de marzo de dous mil catorce, convocada para as 09:45 horas en primeira convocatoria e ás 10:15 horas en segunda na Sala de Xuntas de Xerencia.

O día **12 de marzo de 2014**, ás 10:15 horas, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Informe do Presidente.
2. Aprobación, se procede, da acta de data 14 de febreiro de 2014.
3. Resolución das reclamacións ás candidaturas provisionais ás eleccións a Reitor e a membros do Claustro Universitario e proclamación definitiva de candidatos e candidatas.
4. Declarar concluído o proceso electoral naquelas circunscricións nas que non se superou o número de postos a cubrir (artigo 20 do Procedemento de Eleccións de membros do Claustro).
5. Determinar, á vista do número de electores e electoras, o número e a colocación das mesas electorais (Artigo 23 do “Procedemento para a Elección de membros do Claustro Universitario da Universidade de Vigo” e artigo 18 do “Procedemento para a elección de Reitor/a da Universidade de Vigo”).
6. Adopción, se procede, do acordo de dar instrucións aos presidentes e presidentas das mesas electorais sobre as urnas e o escrutinio.
7. Aprobación, se procede, do modelo da papeleta de votación a Reitor.
8. Delegación, se procede, na Secretaria da Comisión Electoral do nomeamento de interventores e interventoras.
9. Delegación, se procede, na Secretaria da Comisión Electoral a proclamación provisional de candidatos electos nas eleccións a Reitor e de membros do Claustro Universitario.
10. Asuntos varios.
11. Rogos e preguntas.

### Punto 1. Informe do Presidente.

Neste punto o presidente agradece o traballo realizado pola Secretaría Xeral en todo o proceso electoral.

**Punto 2.** Aprobación, se procede, da acta de data 14 de febreiro de 2014.

Apróbase por asentimento.

**Punto 3.** Resolución das reclamacións ás candidaturas provisionais ás eleccións a Reitor e a membros do Claustro Universitario e proclamación definitiva de candidatos e candidatas.

O presidente da Comisión Electoral dá conta do número de reclamacións, e di que presentaron 4: dúas solicitan corrección de erros dos apelidos; unha reclamación solicita a mellora da súa solicitude e outra reclamación, presentada pola Porf<sup>a</sup> Purificación Mayobre, que solicita a incorporación da súa candidatura no sector PDI-A, xa que cando o solicitou fíxoo polo sector PDI-B. A comisión considera que, sendo un erro, debe aceptarse a súa reclamación.

- Presentaron 5 renuncias a candidaturas: dúas de estudantes e 3 de PDI-A. As renuncias supuxeron que en 3 centros non haxa que celebrar eleccións a membros do Claustro Universitario:

- A de D. Eulogio Lueiro Astray supuxo que non haxa que celebrar eleccións polo sector estudantes na Escola Superior de Enxeñaría Informática.

- A de D. Miguel Angel Michinel supuxo que non haxa que celebrar eleccións polo sector PDIA na Facultade de Dereito de Ourense.

- As renuncias de D. Jorge Domínguez Martín e D. Ángel Nombela Castaño supuxeron que non haxa que celebrar eleccións polo sector PDI-A na Facultade de CC. Do Mar.

Acéptase por asentimento as reclamacións e as renuncias.

**Punto 4.** Declarar concluído o proceso electoral naquelas circunscricións nas que non se superou o número de postos a cubrir (artigo 20 do Procedemento de Eleccións de membros do Claustro).

O presidente di que na documentación remitida aparece, por cada sector e circunscrición, nunha columna o nº de representantes no Claustro Universitario, noutra o nº de candidaturas presentadas e noutra se hai que facer ou non eleccións.

Informa que a estes centros se lles remitirá un escrito no que se lles comunicará que queda concluído o proceso electoral nas eleccións a membros de Claustro, e que o proceso electoral nas eleccións a Reitor continúa segundo o calendario establecido.

Apróbase por asentimento.

**Punto 5.** Determinar, á vista do número de electores e electoras, o número e a colocación das mesas electorais (Artigo 23 do “Procedemento para a Elección de membros do Claustro Universitario da Universidade de Vigo” e artigo 18 do “Procedemento para a elección de Reitor/a da Universidade de Vigo”).

O presidente da Comisión Electoral informa que na documentación remitida se sinalan os sectores nos que hai que realizar eleccións en cada centro. Haberá unha única mesa para as eleccións a Reitor e a membros do Claustro Universitario, habendo unha urna para as eleccións a Reitor e outra para as eleccións a membros do Claustro. Naqueles centros nos que non é necesario celebrar eleccións a membros do Claustro, so se porán urnas para as eleccións a Reitor.

Achegouse tamén unha relación co nº de urnas que necesitará cada centro en función dos sectores nos que haxa que realizar eleccións a membros a membros do Claustro.

Apróbase por asentimento.

**Punto 6.** Adopción, se procede, do acordo de dar instrucións aos presidentes e presidentas das mesas electorais sobre as urnas e o escrutinio.

O presidente de Comisión Electoral informa que se remitirá un escrito modelo con instrucións aos presidentes e presidentas das mesas electorais. No escrito se realiza un desenvolvemento do que se consideran “votos nulos”, tendo en conta o estipulado nos nosos procedementos electorais e a interpretación que realizou o Tribunal Constitucional do artigo 96 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral.

A tal efecto, apróbase por asentimento o procedemento que consta como **Anexo I**.

**Punto 7.** Aprobación, se procede, do modelo da papeleta de votación a Reitor.

O Presidente da comisión mostra aos asistentes os modelos de papeleta, e di que para cada sector utilizarase unha cor, tanto na papeleta como no sobre, co obxecto de evitar erros aos votantes e facilitar o reconto ponderado dos sufraxios emitidos durante o escrutinio. Engade que é importante subliñar o feito de que haxa un só candidato, non exime de recoller de maneira fidedignas nas actas os resultados ponderados por sectores.

Intervén Federico Fernandez para preguntar sobre o procedemento de elección a Reitor. Informáselle que o procedemento vén marcado polo disposto no art. 20.3 da LOU, o artigo 57 dos Estatutos e o mesmo Procedemento de elección a reitor ou reitora, aprobado pola Comisión Electoral o 21 de xaneiro de 2014.

Apróbase por asentimento o modelo da papeleta de votación a Reitor (**Anexo II**).

**Punto 8.** Delegación, se procede, na Secretaria da Comisión Electoral do nomeamento de interventores e interventoras.

O presidente informa que os candidatos, unha vez proclamados, poderán propor, ata oito días naturais antes da data de votación, o nomeamento dun interventor por cada mesa electoral e sector que debe ter a condición de elector na mesa, as propostas deberan se dirixir o presidente da Comisión Electoral.

Intervén Federico Fernandez para preguntar se se pode ser interventor en máis dunha mesa. O presidente repítelle o contido do artigo 16 do procedemento de elección.

Apróbase por asentimento.

**Punto 9.** Delegación, se procede, na Secretaria da Comisión Electoral a proclamación provisional de candidatos electos nas eleccións a Reitor e de membros do Claustro Universitario.

Aprobación por asentimento.

**Punto 10.** Asuntos varios.

En todas as elección a Reitor se lle proporcionou aos candidatos apoio económico e loxístico para a campaña electoral, xa que, segundo o procedemento electoral, os candidatos a Reitor teñen o deber de comunicar o seu programa electoral aos membros da comunidade universitaria. A campaña electoral é unha parte integrante do proceso electoral.

A dotación para a campaña electoral destas eleccións será ata un máximo de 6.000 euros, con cargo á partida orzamentaria 0000 421S 22 “Goberno e Administración”. Esta cantidade é a mesma que nas eleccións dos anos 2006 e 2010.

O apoio loxístico consistirá nun local no Edificio Miralles e un coche do parque móbil da Universidade de Vigo.

**Punto 11.** Rogos e preguntas.


Intervén Federico Fernández para solicitar que o presidente eleve ao xerente que o día seguinte das elección sexa de libranza para as persoas que formaron parte das mesas electorais. Tamén pregunta polos custos de manutención.

Ángeles Carballo infórmalle que os membros das mesas electorais teñen dereito a cobrar media dieta.

O presidente da Comisión Electoral di que o rogo de Federico Fernández será trasladado desde a Secretaría Xeral á Xerencia.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:00 horas do día 12 de marzo de 2014 da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co visto e praxe do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral



Manuel Fernández Iglesias

A secretaria da Comisión Electoral



M<sup>a</sup> Inmaculada Valeije Álvarez